

## A CHAVE MEDIOAMBIENTAL

Parque Nordés permitirá a xeración de enerxía eléctrica renovable equivalente ao 13% do consumo eléctrico actual de Galicia, e evitará a emisión de aproximadamente 26 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> durante a súa vida útil, diminuindo así a pegada de carbono e o uso de combustibles fósiles do sistema de xeración eléctrica, e contribuíndo a frear o cambio climático.

---

O proxecto de Parque Nordés é, ademais, compatible coa conservación dos Espazos Naturais Protexidos de Galicia, que foron un criterio de exclusión para a proposta de emprazamento do parque eólico. Do mesmo modo, este respecta integramente as Zonas de Especial Protección para Aves (ZEPA), localizadas preto da costa Ártabra (Punta de Candieira, Ría de Ortigueira, Estaca de Bares e o espazo de Punta de Valdoviño). Así mesmo, Parque Nordés queda fóra das áreas identificadas polos expertos no proxecto INTEMARES como valiosas ou de interese para os hábitats de interese comunitario, especies de interese comunitario e espazos valiosos/de interese para as aves.

---

A localización do parque eólico, a máis de 30 km da costa, garante un impacto visual mínimo desde o litoral e desde as principais poboacións costeiras e lugares de concorrencia turística (praias, miradoiros, Camiño de Santiago...), salvagardando así o alto valor paisaxístico da costa galega. A gran distancia da costa á que se sitúa o parque eólico evita a aparición de impactos negativos típicos dos parques eólicos terrestres como son a afección acústica e o efecto 'flicker'.

---

A tecnoloxía e o sistema de cimentación flotante dos aeroxeradores contribúe a minimizar o impacto sobre os fondos mariños, dado que non se requiren estruturas fixas cimentadas no leito mariño. Deste modo, a tecnoloxía de cimentación flotante de Parque Nordés permite compatibilizar a operación do parque eólico coa conservación dos ecosistemas mariños, ao introducir presións adicionais significativas e ao evitar o impacto sonoro asociado á cimentación fixa, especialmente o producido durante a fase de construción, identificado como un dos principais impactos medioambientais na maioría dos parques eólicos mariños existentes de cimentación fixa. De feito, o proxecto PHAROS4MPAS propoñe como unha medida de mitigación ao ruído submarino o emprego de cimentacións alternativas como a cimentación flotante.

As áncoras de arrastre empregadas no sistema de cimentación flotante en fondos brandos, quedan completamente enterradas e a área potencialmente afectada pola xeración de suspensión de sedimentos é limitada e localizada, dado que a parte das cadeas que apoia sobre o leito mariño experimenta un desprazamento limitado.

O deseño das plataformas e aerogeneradores contempla unha altura entre o mar e o nivel inferior da pala de 25 m, mantendo unha área de salvagarda para protexer ás aves mariñas, cuxa altura de voo é maioritariamente inferior aos 20 m. Ademais, grazas aos sistemas de detección e vixilancia de aves instalados sobre as mesmas, é posible compatibilizar a operación do parque eólico coa conservación das aves.

---

Para a evacuación dos cables propónse un trazado que discorre principalmente polos fondos areosos, evitándose as zonas rochosas que son as de maior abundancia biolóxica e biodiversidade. A solución proposta contempla o enterrado dos cables de evacuación, desde o parque eólico ata a conexión á subestación eléctrica en terra, co obxecto de asegurar a compatibilidade cos usos existentes no litoral (pesca de arrastre e outras artes, tráfico marítimo, navegación recreativa, etc.) así como asegurar a conservación dos ecosistemas, ao evitar a alteración da dinámica sedimentaria da zona e minimizar o impacto dos campos electromagnéticos nas especies mariñas.

---

Coa instalación do Parque Nordés evitarase a ocupación de espazos terrestres, contribuíndo a desconxestionar o territorio doutros usos.